SĀLPOCK

O val dos Cegos

Álvaro López
«A quen me inspira, me axuda e me le. Bicos.»
Luis Sendón
«A María, porque o teu sorriso é o que me dá forza para coller o lapis todos os días.»



Sálpock 1. O val dos Cegos
Álvaro López e Luis Sendón

Colección HäinöS n.º 1

Editor: Manel Cráneo
Revisión de textos: Henrique Torreiro
Deseño e maquetación: Álvaro López
Impresión: Lugami
Deseño do xogo de rol: Roberto Díaz
Produción audiovisual: Demo Editorial
Tráiler do álbum: youtube.com/demoeditorial


© Luis Sendón e Álvaro López, 2012
© pola presente edición, Demo Editorial, 2012

Primeira edición: abril de 2012

Demo Editorial
Rda. de Nelle 81-83, 1.º esquerda, local C
15007 A Coruña (Galicia/Spain)
demoeditorial.blogspot.com
demo.editorial@gmail.com

ISBN: 978-84-936993-7-6
Depósito legal:

Ningunha parte deste libro pode ser reproducida, almacenada ou transmitida por sistema mecánico ou electrónico ningún sen previa autorización do editor, salvo no caso de extractos para uso informativo en medios de comunicación.



SĀLPOCK

O val dos Cegos


Álvaro López e Luis Sendón


deMO editorial




ZAKFART, OITAVO PLANETA DO
SISTEMA SKELOX. SECTOR SACRIFICIO,
NEBULOSA DO HOMÚNCULO.
ANO 4682 DA
IDADE DO EXILIO


... FZZZ
... CÁPSULA... FZZZ...
... CÁPSULA DE EMERXENCIA 469.


ÍNDICE DE ENERXÍA POR DEBAIXO DO 5%.
SOPORTE DE VIDA DO SUXEITO EN PERIGO.
ATERRAXE DE EMERXENCIA PROGRAMADA.
ENTRADA NA ATMOSFERA EN 6 MINUTOS.


ATMOSFERA TOTALMENTE RESPIRABLE.
TEMPERATURA DE 42 GRAOS, TOMA DE TERRA INMINENTE...
TODO COMEZOU ASÍ...
... UNHA MAÑÁ NUN PLANETA ESQUECIDO NA PERIFERIA DE NINGUNHA PARTE...


ACONTECEMENTOS QUE FARÍAN CAMBALEAR UN IMPERIO, PERO PARA ISO AÍNDA FALTABA MOITO: MEU SEÑOR ERA ENTÓN SÓ UN NENO...



... AÍNDA QUE DURMIRA DURANTE TANTOS CICLOS QUE ESQUECERA QUEN ERA EN REALIDADE.
POR OUTRA BANDA, QUEN SON EU E QUE FAGO AQUÍ REXISTRANDO ESTES FEITOS POUCO IMPORTA.


... CUNHA PEQUENA MANCHA NO CEO.
A CHEGADA DO MEU SEÑOR AO MUNDO DE ZAKFART FOI UN PEQUENO INCIDENTE, INSIGNIFICANTE EN PRINCIPIO...
... PERO QUE DESENCADEARÍA ACONTECEMENTOS IMPOSIBLES DE PREVER NAQUEL ENTÓN.


SIMPLEMENTE CUMPRIREI COA MIÑA OBRIGA DE RELATAR O PRESENCIADO HAI XA TEMPO.
DESCRIBIREI OS PRIMEIROS PASOS DO MEU AMO...
... UN RAPAZ QUE RESPONDE AO NOME DE SÁLPOCK ...


... E QUE NAQUEL MOMENTO DESCUBRIRÍA QUE A SÚA INOCENCIA LLE ÍA CUSTAR BEN CARA.



MOI CARA.
XEFE, MIRE ALÍ.
HA!
CREO QUE AÍNDA NON O ENTENDES, RAPAZ.
SOLTÁDEME!
ESTAS TERRAS PERTENCEN AO NOSO PATRÓN, LORD KAVROS.
ASÍ QUE TI NON DEBERÍAS ESTAR AQUÍ.
E SE O ESTÁS, SERÁ PORQUE...
...DEBES SER DA SÚA PROPIEDADE.
KLAK!
ASÍ COMEZOU O CATIVERIO DO MEU SEÑOR.


O VAL DOS CEGOS.
NAS PALABRAS DO MEU AMO PERCIBÍASE UNHA FONDA AMARGURA CANDO SE REFERÍA A ESTE LUGAR.
O TRABALLO ERA DURO E CONTINUO; ESPOLIABAN TODO O APROVEITABLE QUE AÍNDA PERMANECESE NAS ENTRAÑAS DAQUEL TRANSPORTE ACCIDENTADO.
E SE AS QUENDAS INTERMINABLES NON ERAN SUFICIENTE, A RADIACIÓN RESIDUAL DO REACTOR PODÍA FACER O RESTO.


O MEU SEÑOR MEDRABA CONVERTÉNDOSE NUN MOZO QUE POUCO A POUCO SACABA A RELUCIR UN ESPÍRITO INDÓMITO. E ESA NON ERA A NORMA NAQUEL DESGRACIADO LUGAR...
KAVROS, O AMO, MANTIÑA OS SEUS ESCRAVOS DÓCILES MEDIANTE O MEDO.


E A SÚA FERRAMENTA PARA FACELO ERAN UNS COLARES QUE TODOS OS ESCRAVOS ERAN OBRIGADOS A LEVAR.


SE ALGÚN DELES SE AFASTABA DA MINA OU INTENTABA QUITAR O COLAR, A ANTENA DA TORRE MANDARÍA UNHA EMISIÓN DE ONDAS QUE O ACTIVARÍA.


NINGUÉN SABÍA CAL ERA O HORROR QUE OS ESPERABA SE INTENTABAN DESFACERSE DO COLAR. PERO TODOS FALABAN DE ALGO.
DUN HORRIBLE VELENO, OU DUNHA DANZA CEREBRAL, E INCLUSO DE MINICARGAS EXPLOSIVAS. PERO NATURALMENTE NINGUÉN TIÑA INTENCIÓN DE VERIFICAR AS SÚAS SOSPEITAS COA SÚA PROPIA CABEZA.


A DESESPERANZA ERA TOTAL; O MEDO NO CORAZÓN DAQUELA XENTE MANTÍÑAOS ENCADEADOS, IMPEDÍNDOLLES SEQUERA SOÑAR CON OUTRA VIDA.


E, REALMENTE, TRAS REXISTRAR A SÚA HISTORIA, CÚSTAME CRER QUE ALGUÉN CRIADO NUN RECUNCHO DE MALDADE E VILEZA COMO ESTE PUIDESE CHEGAR A SER UN HUMANO TAN DESTACABLE COMO FOI EL.
OÍDE TODOS!
COLLERON A INGREM, O FUXIDO, CERCA DO VAO DO AFORCADO! CASE CHEGOU AOS BOSQUES DE PERKWATE.
AOS BOSQUES?! ONDE O TEÑEN?! HAI QUE DARLLE O SEU MERECIDO!
AÍNDA CHEGOU LONXE O BASTARDO. E O SEU COLAR NON O MATOU? QUE SORTE TEN O CONDENADO...


KRAK!
DEBERIAMOS ACABAR CONTIGO!
SABES CANTOS DE NÓS SOMOS CASTIGADOS POR CADA UN QUE INTENTA FUXIR?
TES SORTE DE QUE O SEÑOR KAVROS CHE PERDOE A VIDA.
POR FAVOR, NON ME PEGUEDES MÁIS.
VEÑA, A TRABALLAR!
E TOMADE EXEMPLO! OS QUE O DENUNCIARON TERÁN UNHA PEZA DE COBRE EXTRA ESTA ROLDA.
SE POR MIN FOSE, TODOS OS DEMAIS, COVARDES ENCUBRIDORES, IRIADES DE CABEZA AO CALDEIRO.
... EU SÍNTOO...